

— Información de relevancia xurídica, isto é normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.

— Información económica, orzamentaria e estatística.

9.- *Habílitase a alcaldía para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións do presente acordo e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convintes por motivos de mormalización, interoperabilidade ou en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.*"

Tralas explicacións dadas pola Secretaria do Concello e considerando non ser preciso maior debate, o asunto sométese a votación.

O Pleno do Concello por unanimidade de todos os concelleiros presentes no acto e en votación ordinaria, *acorda aprobar a proposición epigrafiada resolvéndoa nos seus propios termos.*"

Becerreá, 1 de decembro de 2016.- O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 3924

---

## BURELA

### *Anuncio*

De acordo co Decreto da Alcaldía de 20 de decembro de 2016, por medio deste anuncio realízase a corrección de erros no proxecto técnico elaborado para a execución da obra de reasfaltado de varios tramos de rúas de Burela, co seguinte alcance:

Rectificar ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/1992, do 01 de outubro, ddo procedemento administrativo común das administracións públicas a memoria do proxecto técnico de execución das obras consistentes na reparación e reasfaltado de varios tramos de rúas de Burela co seguinte alcance:

#### **ANEXO A LA MEMORIA**

##### **ACLARACIÓN:**

En la medición y presupuesto, en el CAPITULO 1 \_ ASFALTADO, en la partida: 1.2 dice :

*"1.2 m2 Fresado (por cm) de firme de mezcla bituminosa en caliente, incluso carga, barrido y transporte a vertedero o lugar de empleo."*

El Fresado se entiende de la misma magnitud que el posterior asfaltado, es decir 6 cm, por lo tanto para aclarar dicha medición quedaría redactada de la siguiente forma:

#### **CAPITULO 01\_ASFALTADO**

Partida 1.2 m2 Fresado (6 cm) de firme de mezcla bituminosa en caliente, incluso carga, barrido y transporte a vertedero o lugar de empleo.

Dicha aclaración no afecta a la medición, ni al presupuesto, puesto que estaba calculado con dicho espesor.

Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante un anuncio de corrección de erros do proxecto de execución das obras consistentes na reparación e reasfaltado de varios tramos de rúas de Burela, ampliando o prazo de presentación de ofertas ata o vindeiro día 16/01/17.

Burela, 20 de decembro de 2016.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA

R. 3925

---

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de decembro de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO EDUCATIVO E DE COMEDOR E LIMPEZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS LUÍS SOTO MENOR (LOTE 1) E MARÍA WONENBURGER (LOTE 2). EXPDTE REF: 14-2016.**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**c) Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratación@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servicios: perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.
9. **Número de expediente:** 14-2016

## 2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** servizos.

b) **Descrición:** É obxecto deste contrato a realización dos servizos educativos, de comedor e limpeza nas escolas infantís municipais Luis Soto Menor (Lote 1) e María Wonenburger (Lote 2).

c) **División por lotes:** Sí.

- Lote 1.- Escola Infantil municipal Luís Soto Menor.

- Lote 2.- Escola Infantil Municipal María Wonenburger.

d) **Lugar de execución:** Concello de Lugo

e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** A duración dos contratos será de DOUS ANOS contados a partir da data da acta de inicio que será asinada no prazo máximo de quince días hábiles dende a formalización do contrato.

f) **Admisión de prórroga:** Si. Dito prazo poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes e por períodos máximos anuais sen que a duración total incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

g) **Establemento de acordo marco:** Non

i) **CPV:** CPV 2008: 80110000-8 Servizos de ensinanza preescolar.

CNAE 2009: 85.1 Educación preprimaria.

## 3.- Tramitación e procedemento:

a) **Tramitación:** ordinaria.

b) **Procedimientto:** aberto.

c) **Criterios de adjudicación:** Ver cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- **Valor estimado do contrato:** O valor estimado total do contrato tendo en conta os lotes existentes ascende á cantidade de **1.922.963,16 euros**. Cómpre indicar que o **gasto estimado anual de alimentación** para cada escola infantil é de **13.636 euros (LOTE 1 Escola Luis Soto Menor) e 12.296 euros (LOTE 2 Escola María Wonenburger)**.

## 5.- Orzamento base de licitación ( primeira anualidade)

O importe do contrato para a primeira anualidade é de 480.740,79 euros (actividade exenta de IVE) desglosado como segue:

- LOTE 1: Escola Infantil Municipal Luis Soto Menor: 241.200,22 euros.
- Escola Infantil Municipal María Wonenburger: 239.540,57 euros.

## 6.- Garantías:

a) **Provisional:** NON procede.

b) **Definitiva:** 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE.

## 7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia :** A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** Non

c) **Outros requisitos:** Os licitadores deberán estar en posesión da certificación de estar rexistrados como entidades prestadoras de servizos sociais na Xunta de Galicia dentro da Área de Infancia e contar con tódalas autorizacións e habilitacións esixidas na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia e demais normativa de desenvolvemento.

**8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:**

a) **Data límite de presentación:** 30/01/2017

b) **Modalidade de presentación:** formato papel

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou enviadas por correo.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Dirección electrónica:** www.lugo.gal (Zona de servicios: perfil do contratante)

d) **Admision de variantes:** Non

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo. Centro de Servicios Municipales

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** 01/07/2017 ás 12:00 horas

**10.- Gastos dos anuncios:** 1.027,09 euros que serán por conta do adxudicatario.

**11.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

**12.- Obrigas contractuais esenciais:** Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

**13.- Data de envío de anuncio ó Diario Oficial das Comunidades Europeas:** 19 de decembro de 2016.

Lugo, 19 de decembro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3927

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de decembro de 2016, aprobou a CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1), PANADERÍA (LOTE 2) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. Exp. 47/72016

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** www.contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) **Número de expediente:** 47/2016

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Tipo de contrato:** subministración